



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

**Modelo MD85PRO01**

**Criterios mínimos de avaliación e cualificación**

**Centro: Conservatorio Profesional de Danza de Lugo**

**Departamento de Materias Teórico-prácticas**

**Curso: 2023 - 2024**



1	Composición coreográfica_COR.....	4
6º CURSO.....		4
	CONTIDOS.....	4
	Criterios Avaliación.....	5
2	Historia da danza_HIS.....	6
5º CURSO.....		6
	Contidos.....	6
	Avaliación.....	7
6º CURSO.....		9
	Contidos.....	9
	Avaliación.....	10
3	Anatomía aplicada á danza.....	13
5º CURSO.....		13
	Contidos.....	13
	Avaliación.....	14
6º CURSO.....		16
	Contidos.....	16
	Avaliación.....	18
4	Interpretación.....	20
5º CURSO.....		20
	Contidos.....	20
	Criterios Avaliación.....	21
5	Nutrición_NUT.....	24
	5º curso_Contidos.....	24
6	Acondicionamento físico_AFI.....	26
1º CURSO.....		26
2º CURSO.....		27
3º CURSO.....		27
4º CURSO.....		28
5º CURSO.....		28
6º CURSO.....		29
7	Obradoiro de Danza Galega_ODG.....	31
	6º CURSO.....	31
	Contidos.....	31

Mínimos esixibles (6º ODG).....	34
Criterios de cualificación .....	35
8    Procedementos e ferramentas de avaliación.....	36
Medidas de recuperación .....	39



## 1 Composición coreográfica\_COR

---

### 6º CURSO

#### CONTIDOS

##### 1º TRIMESTRE

- Estudo das distintas fases no proceso de creación coreográfica, coñecemento e aplicación de ferramentas de composición coreográfica.
- Estudo dos elementos que caracterizan e definen a obra coreográfica.
- Identificación e descrición dos elementos dunha coreografía.
- Introducción ás ferramentas software para a edición de arquivos de audio e vídeo.

##### 2º TRIMESTRE

- Estudo do vocabulario corporal e xestual.
- Estudo de técnicas audiovisuais básicas.
- Estudo e interpretación de extractos de coreografías de diferentes épocas, estilos, tendenciase autores/as.

##### 3º TRIMESTRE

- Realización e execución de composicións coreográficas.
- Estudo da lexislación vixente en materia de autoría.



## Criterios Avaliación

### 1º TRIMESTRE

- Realizar pequenas composicións coreográficas.

*Este criterio pretende valorar a capacidade do alumnado para coreografiar, formando un todo, coherente e equilibrado, organizando os distintos elementos estudados.*

- Transferir secuencias coreográficas creadas polo alumnado ao resto dos intérpretes.

*Con este criterio preténdese valorar a capacidade de comunicación do alumnado para a transmisión das súas ideas e emocións.*

### 2º TRIMESTRE

- Interpretar secuencias coreográficas que previamente lle fosen transferidas ao alumnado.

*Con este criterio valorarase a capacidade do alumnado para traducir con precisión e rigorosa de os materiais coreográficos que lle foron transmitidos previamente.*

- Mostrar unha pequena composición en que o alumnado integre algunha das técnicas audiovisuais ou artísticas estudadas.

*Con este criterio preténdese comprobar que o alumnado asimilou a interrelación da composición coreográfica coas outras artes e medios audiovisuais.*

### 3º TRIMESTRE

- Interpretar unha composición coreográfica propia, dirixida ao público, ensaiada previamente con outros/as bailaríns e bailarinas.

*Con este criterio valórase a capacidade do alumnado para asumir o seu papel como intérprete, como membro dun grupo e tamén a súa responsabilidade na unidade do conxunto e a súa adecuación do papel de cada intérprete, facendo fluír os seus sentimentos e personalidade acadando a conexión emocional co público.*

- Definir o concepto de autoría segundo a lexislación vixente e reflexionar sobre as implicacións que derivan do exercicio da súa función.

*Con este criterio valórase a capacidade do alumnado para asumir o seu papel como creador e a súa capacidade de comprender o concepto de propiedade intelectual.*

## Mínimos esixibles

- Realizar pequenas composicións coreográficas.

*Este criterio pretende valorar a capacidade do alumnado para coreografiar, formando un todo, coherente e equilibrado, organizando os distintos elementos estudados.*

- Transferir secuencias coreográficas creadas polo alumnado ao resto dos intérpretes.

*Con este criterio preténdese valorar a capacidade de comunicación do alumnado para a transmisión das súas ideas e emocións.*



- Interpretar unha composición coreográfica propia, dirixida ao público, ensaiada previamente con outros/as bailaríns e bailarinas.

*Con este criterio valórase a capacidade do alumnado para asumir o seu papel como intérprete, como membro dun grupo e tamén a súa responsabilidade na unidade do conxunto e a súa adecuación do papel de cada intérprete, facendo fluir os seus sentimentos e personalidade acadando a conexión emocional co público.*

ALUMNOS CON ASISTENCIA REGULAR ÁS CLASES		
ACTITUDE OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma norecinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Constancia e esforzo</li> <li>- Grao de participación activa</li> <li>- Respecto na aula (docentes, compañeir@s, instalación)</li> <li>- Autonomía</li> </ul>	10,00%
ADQUISICIÓN DE COÑECIMENTOS TEÓRICO-PRÁCTICOS, a través dunha proba escrita ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórico-práctica e comprensión e interiorización dos mesmos, (vocabulary técnico e contidos teóricos)	90,00%  <u>1º e 2º Trimestre</u> 60% teoría, 40% práctica  <u>3º Trimestre</u> 40% teoría 60 % práctica

## 2 Historia da danza\_HIS

### 5º CURSO

#### Contidos

##### 1º Trimestre

- Introducción e apuntes sobre a orixe da danza na Idade Antiga e Idade Media así como as primeiras manifestacións relacionadas ca danza en Grecia, Roma e na Idade Media.

- A danza no Renacemento: Contextualización e características, Relación co resto das artes, arquitectura, escultura, pintura..., tipos de espectáculos, a *basse danse*. principais danzas, ( Pavana , gallarda, Allemanda, La volta, saltarello, branle) os mestres de danza, xurdimento do Ballet de Corte, o Ballet Cómico da Raiña ( características e finalidade do espectáculo, corógrafo, bailaríns) Outras representacións.



- A danza no Barroco: contextualización, características e similitude co resto das artes ( pintura, escultura, arquitectura, música ) O ballet baixo os reinados de Luis XIII, Luis XIV, A profesionalización da danza :As academias da música e da danza. O vestiario e o calzado, as principais danzas, tratadose mestres de danza, primeiros bailaríns profesionais

## 2º Trimestre

- A danza no século das luces: contextualización e características, evolución dos espectáculos coreográficos, evolución da vestimenta e figuras dancísticas do S.XVIII. Gean Georges Noverre e o ballet de acción.

- A danza no século XIX; Ballet Romántico.Contextualización, relación coa literatura, a pintura, a música do momento, Independencia do ballet co resto das artes, evolución do calzado e o vestiario, principais coreógrafos e bailaríns. Clasicismo, Marius Petipa e o ballet Imperial Ruso. Análise dos principais ballets do século.

## 3º Trimestre

- Introducción ao novo século. Cambios nos inicios do S. XX.

- Os ballets russes de Serge Diaguilev. Coreógrafos e bailaríns: FOKINE, NIJINSKY, MASSINE, NIJINSKA, BALANCHINE.

- Evolución e percorrido pola historia da danza en España e en Galicia.

## Avaliación

### Criterios de avaliación

Coñecer os conceptos de danza dende a prehistoria ata principios do século XX.

*Este criterio de avaliación pretende comprobar o nivel de comprensión do alumnado relativo á evolución, a través da historia occidental, dos conceptos que caracterizaron a danza e o baile dentro destas datas.*

Establecer esquematicamente os grandes períodos da historia da danza: formas, estilos e elementos coreográficos, dende a antigüidade ata principios do S. XX.

*Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade do alumnado para establecer as liñas xerais dos orixes da danzas ata principios do S. XIX, así como as principais formas, os estilos e os elementos coreográficos que evolucionarán paralelamente ás formas musicais.*

Ubicar as principais personalidades dancísticas na súa época correspondente. Identificar aos creadores, os transmisores e os intérpretes ata principios do S. XX)



*Con este criterio preténdese comprobar que o alumno asimilou os conceptos relativos a evolución histórica da danza, e que é capaz de relacionar as principais figuras dancísticas coa época correspondente e o legado deixado por elas.*

Expresar xuízos persoais mediante un análise estético o un comentario crítico a partir do visionado dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, empregando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.

*Este criterio trata de avaliar a capacidade para, a partir dos seus coñecementos, realizar desde una perspectiva personal una valoración estética dunha peza concreta, ou dunha interpretación da mesma, e o dominio do vocabulario e da terminoloxía aplicados á danza.*

Situar cronoloxicamente unha obra, ou comparar obras de similares características, representativas sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

*Mediante este criterio de avaliación preténdese comprobar se identifican e sitúan cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da danza, así como se coñecen as principais características dos estilos, os xéneros e se distinguen as diferenzas existentes entre varias obras.*

### Mínimos esixibles

Coñecer os conceptos de danza dende o Renacemento ata principios do século XX

*Este criterio de avaliación pretende comprobar o nivel de comprensión do alumnado relativo á evolución, a través da historia occidental, dos conceptos que caracterizaron a danza e o baile dentro destas datas.*

Establecer esquematicamente os grandes períodos da historia da danza: formas, estilos e elementos coreográficos, dende a antigüidade ata principios do século XX.

*Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade do alumnado para establecer as liñas xerais dos orixes da danzas ata principios do século XX así como as principais formas, os estilos e os elementos coreográficos que evolucionarán paralelamente ás formas musicais.*

Ubicar as principais personalidades dancísticas na súa época correspondente: ( Luis XIV, Noverre, Marie Sallé e Marie Camargo, Carlo Blasis, August Bournonville, Marie Taglioni, e Marius Petipa, Serge Diaguilev)

*Con este criterio preténdese comprobar que o alumno asimilou os conceptos relativos a evolución histórica da danza, e que é capaz de relacionar as principais figuras dancísticas coa época correspondente e o legado deixado por elas.*

Expresar xuízos persoais mediante un análise estético o un comentario crítico a partir do visionado dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, empregando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.



*Este criterio trata de avaliar a capacidade para, a partir dos seus coñecementos, realizar desde una perspectiva personal una valoración estética dunha peza concreta, ou dunha interpretación da mesma, e o dominio do vocabulario*

## 6º CURSO

### Contidos

#### 1º Trimestre

- A danza en Francia: A danza neoclásica Serge Lifar, Roland Petit e Maurice Béjart
- A danza en Gran Bretaña : Frederick Ashton, Kenneth McMillan, Anthony Tudor, John Cranko
- O ballet soviético: O ballet propaganda, Vassili Vainonen, Chabouikiani, Agrippina Vaganova.
- O Expresionismo alemán: Émile Jacques- Dalcroze, Rudolf von Laban, Mary Wigman, Kurt Joos

#### 2º Trimestre

- A danza en América: As pioneiras (Ruth Saint- Denis, Isadora Duncan, Loïe Fuller) A DenishawnSchool
- Martha Graham, Doris Humphrey e José Limón
- Merce Cunningham

- Georges Balanchine e Jerome Robbins

### 3º Trimestre

- Paul Taylor, Alvin Ailey,

-Postmodernismo (Trisha Brown, Steve Paxton, Tyla Tharp)

- Holanda: Hans Van Manen e Jiri Kyllian

-España: Nacho Duato

- Anos 80: Pina Bausch, William Forsythe, Mats Ek

## Avaliación

### Criterios de avaliación

- Coñecer e apreciar as relacións entre a danza e as demais artes.

*Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade do alumnado para apreciar a danza como un fenómeno poliédrico, situala dentro do contexto xeral das artes e da historia, así como establecer as súas relacións coas artes que tratan o volume e a imaxe -a arquitectura, a escultura e a pintura-, o ritmo e o son -a música- e a linguaxe -a literatura-.*

- Identificar aos creadores, os transmisores e os intérpretes do Século XX

*Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade de comprensión e relación do alumnado sobre a decisiva importancia do factor humano no progreso e no mantemento da danza, materializado no constante fluxo de información coreográfica por Europa e América a través de mestres, coreógrafos e intérpretes*

- Identificar, a través do visionado, obras de diferentes épocas, estéticas ou estilísticas e describir os seus rasgos máis característicos e a súa pertenza a un período histórico.

*Este criterio avalía a capacidade para captar o carácter, o xénero, as características estéticas e os rasgos estilísticos máis importantes das obras propostas.*

- Expresar xuízos persoais mediante un análise estético o un comentario crítico a partir do visionado dunha obra determinada, ou dun texto escrito, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, empregando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.



*Este criterio trata de avaliar la capacidade para, a partir dos seus coñecementos, realizar desde una perspectiva persoal unha valoración estética dunha peza concreta, ou dunha interpretación da mesma, ou dun texto, e o dominio do vocabulario e da terminoloxía aplicados á danza.*

- Situar cronoloxicamente unha obra, ou comparar obras de similares características, representativas sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

*Mediante este criterio de avaliación preténdese comprobar si se identifican e sitúan cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da danza, así como se coñecen as principais características dos estilos, os xéneros e se distinguen as diferencias existentes entre varias obras.*

- Identificar aos creadores españois e as súas principais obras, así como a evolución da danza en España.

*Este criterio trata de avaliar a capacidade para diferenciar as manifestacións artísticas xurdidas en España e comparalas coas creacións doutros países.*

- Manter o tesón e o esforzo necesarios para acadar os obxectivos técnicos e artísticos plantexados no curso.

*Comprobar a capacidade do alumno para superar os factores subxectivos e ambientais que poidan influírle no seu rendemento*

### Mínimos esixibles

- Coñecer e apreciar as relacións entre a danza e as demais artes.

*Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade do alumnado para apreciar a danza como un fenómeno poliédrico, situala dentro do contexto xeral das artes e da historia, así como establecer as súas relacións coas artes que tratan o volume e a imaxe -a arquitectura, a escultura e a pintura-, o ritmo e o son -a música- e a linguaxe -a literatura-.*

- Identificar aos creadores, os transmisores e os intérpretes do Século XX (Ballets Russes de Diaguilev, Martha Graham, Merce Cunningham, Roland Petit e Maurice Béjart, Frederick Ashton e Kenneth Mc Millan, Mary Wigman, Georges Balanchine)

*Este criterio de avaliación pretende comprobar o desenvolvemento da capacidade de comprensión e relación do alumnado sobre a decisiva importancia do factor humano no*

*progreso e no mantemento da danza, materializado no constante fluxo de información coreográfica por Europa e América a través de mestres, coreógrafos e intérpretes.*

- Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética o un comentario crítico a partir do visionado dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, empregando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.

*Este criterio trata de avaliar a capacidade para, a partir dos seus coñecementos, realizar desde una perspectiva persoal unha valoración estética dunha peza concreta, ou dunha interpretación da mesma, e o dominio do vocabulario e da terminoloxía aplicados á danza.*

- Identificar aos creadores españois e as súas principais obras, así como a evolución da danza en España. (Nacho Duato, Victor Ullate, María de Ávila, Compañía Nacional de Danza, e Ballet Nacional de España).

*Este criterio trata de avaliar a capacidade para diferenciar as manifestacións artísticas xurdidas en España e comparalas coas creacións doutros países.*

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

		PROFESIONAL
ACTITUDE  OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Constancia e esforzo</li> <li>- Grao de participación activa</li> <li>- Respetto na aula (docentes, compañeir@s, instalación)</li> <li>- Autonomía</li> </ul>	10,00%
ADQUISICIÓN DE  COÑECEMENTOS  TEÓRICO-PRÁCTICOS, a través dunha proba escrita ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórico-práctica e comprensión e interiorización dos mesmos, (vocabulario técnico e contidos teóricos)	90,00%

## 3 Anatomía aplicada á danza

---

### 5º CURSO

#### Contidos

#### 1º Trimestre

- As xeneralidades anatómicas. A Posición anatómica. Os planos anatómicos. Os eixos de movemento . Os tecidos corporais.
- A osteoloxía: introdución. O esqueleto humano (características, funcións, clasificación dos ósos) Lesións óseas comúns en bailaríns/as.
- A artroloxía: introdución. Terminoloxía dos movementos articulares (flexión, extensión, abducción, adución e rotación. A clasificación. Os compoñentes articulares. Os factores que limitan a mobilidade. Estudo e análise de casos específicos en danza como a hiperlaxitude articular ou hiperestensión. Lesións articulares comúns en bailaríns/as.
- A mioloxía: introdución. As características. A clasificación. A funcionalidade. A postura e a dinámica.



## 2º Trimestre

- A neuroloxía: introdución. O sistema nervioso. A sinapse. Os tipos de fibras. O sistema límbico e asúa relación coas emocións. Beneficios do exercicio físico. Introdución á Neurociencia e movemento. Neuronas espello.
- A columna vertebral: A introdución. O disco vertebral. O aparato ligamentoso. A función vertebral.
- A caixa torácica: as articulacións do tórax.
- A faixa pelviana: As xeneralidades. As articulacións e os medios de unión. A articulación sacro-íliaca. A sínfise púbica. A articulación sacro - coccíxea. A estática do faixa pelviana. A dinámica do faixa pelviana.

## 3º Trimestre

- A articulación coxo - femoral: A cinemática e os rangos de mobilidade. Os músculos. A cinética e o aparato motor.
- Os xeonllos: O eixo de mobilidade. A arquitectura. As superficies óseas . As superficies articulares. As articulacións. Os medios de unión. A estática do xeonllo. A cinemática. A cinética e o aparato motor.
- O sistema cardiovascular, a súa participación e adaptación ao exercicio físico de diversas intensidades. Os movementos respiratorios. A coordinación da respiración co movemento corporal.

## Avaliación

### Criterios de avaliación

#### 1º Trimestre

- Coñecer os elementos que configuran a nosa anatomía, a través do seu recoñecemento práctico.  
*Con este criterio preténdese valorar o coñecemento que posúe o alumnado acerca dos ósos, as articulacións, os tendóns e os músculos.*
- Saber distinguir os principios anatómicos, biomecánicas e fisiolóxicos que rexen o movemento, así como a súa utilización na danza.  
*Este criterio permite valorar o coñecemento que posúen os alumnos e as alumnas dos principios da anatomía, a fisioloxía e a biomecánica, así como a súa capacidade de relacionalos dunha maneira práctica coa danza.*
- Asistir a clase con regularidade e puntualidade, así coma uniformado e aseado.  
*Comprobar que o alumno ten asimilados a importancia da actitude e grao de implicación do seu desenvolvemento na aula..*
- Manter o tesón e o esforzo necesarios para acadar os contidos e obxectivos do curso.  
*Comprobar a capacidade do alumno para superar os factores subxectivos e ambientais que poidan influírle no seu rendemento.*

#### 2º Trimestre



- Coñecer os graos de mobilidade do pescozo, o tronco e a pelve.  
*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece a función, os seus graos de movemento e a colocación correcta de cada unha das articulacións estudadas.*
- Explicar a función que desempeña o aparato respiratorio no corpo humano como instrumento de expresión e os beneficios dunha boa utilización do mesmo na práctica da danza.  
*Con este criterio comprobarase que o alumno ou a alumna asimilou a importancia do aparato respiratorio na práctica da danza.*
- Xustificar a través dos coñecementos relacionados ca neuroloxía, os beneficios físicos e mentais que proporciona a práctica regular da danza  
*Con este criterio valorarase , dunha parte o coñecemento adquirido polo alumno ou pola alumna sobre os efectos beneficiosos derivados da práctica da danza e a súa relación co sistema neurolóxico e doutra parte, a súa capacidade de comprender, recompilar, organizar e analizar a información sobre a transcendencia social de ditos beneficios.*
- Asistir a clase con regularidade e puntualidade, así coma uniformado e aseado.  
*Comprobar que o alumno ten asimilados a importancia da actitude e grao de implicación do seu desenvolvemento na aula..*
- Manter o tesón e o esforzo necesarios para acadar os contidos e obxectivos do curso.  
*Comprobar a capacidade do alumno para superar os factores subxectivos e ambientais que poidan influírle no seu rendemento.*

### 3º Trimestre

- Saber os graos de mobilidade da articulación coxo - femoral e dos xeonllos.  
*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece a función, os seus graos de movemento e a colocación correcta de cada unha das articulacións estudadas.*
- Explicar os requirimentos cardiovasculares e respiratorios.  
*Con este criterio preténdese comprobar se o alumno ou a alumna asimilou cada un dos aspectos que tipifican o traballo físico identificando estes aspectos na práctica da danza.*
- Coñecer as capacidades físicas básicas. Introducción á súa funcionalidade. (flexibilidade, elasticidade, forza e coordinación).  
*Con este criterio preténdese asegurar o coñecemento da funcionalidade das capacidades físicas básicas.*
- Asistir a clase con regularidade e puntualidade, así coma uniformado e aseado.  
*Comprobar que o alumno ten asimilados a importancia da actitude e grao de implicación do seu desenvolvemento na aula..*
- Manter o tesón e o esforzo necesarios para acadar os contidos e obxectivos do curso.  
*Comprobar a capacidade do alumno para superar os factores subxectivos e ambientais que poidan influírle no seu rendemento.*

## Mínimos esixibles

- Coñecer os elementos que configuran a nosa anatomía, a través do seu recoñecemento práctico.



*Con este criterio preténdese valorar o coñecemento que posúe o alumnado acerca dos ósos, as articulacións, os tendóns e os músculos.*

- Coñecer os principios anatómicos, bio - mecánicos e fisiolóxicos que rexen o movemento, así como a súa utilización na danza.

*Este criterio permite valorar o coñecemento que posúen os alumnos e as alumnas dos principio da Anatomía, a fisioloxía e a biomecánica, así como a súa capacidade de relacionalos dunha maneira práctica coa danza.*

- Xustificar os beneficios físicos e mentais que proporciona a práctica regular da danza.

*Con este criterio valorarase , dunha parte o coñecemento adquirido polo alumno sobre os efectos beneficiosos derivados da práctica da danza, e por outra a súa capacidade de comprender, recompilar, organizar e analizar información sobre a transcendencia social de ditos beneficios.*

## 6º CURSO

### Contidos

#### 1º Trimestre

- O pé: A estrutura ósea. As articulacións. Os tipos de articulacións. A división (antepé, mediopé e retropé). A inervación.
- O retropé: As articulacións. Os tipos de articulacións. As superficies óseas. As superficies articulares. As congruencias. Os medios de unión. Os eixos de movemento. O talón.
- O nocello: As articulacións. Os tipos de articulacións. As superficies óseas. Os medios de unión. Oseixos e os planos de movemento. A flexión-extensión. As diferentes escolas.
- O ombreiro, o cúbado, o pulso e a man: As articulacións. As superficies óseas. Os medios de unión. Os eixos de movemento. A inervación.

#### 2º Trimestre

- As capacidades físicas básicas: A forza. A velocidade. A resistencia e a flexibilidade
- A forza: A definición. A clasificación. Os beneficios do seu adestramento. A potencia: A definición. Os métodos de adestramento.
- A velocidade: A definición. Os tipos de velocidade. O adestramento dos distintos tipos de velocidade.
- A resistencia: A definición. A clasificación. Os factores que inflúen na resistencia. Os métodos de adestramento.
- A flexibilidade: A definición. A clasificación. Os factores que inflúen na flexibilidade. Os métodos de traballo.





## 3º Trimestre

- O adestramento das cualidades físicas para a mellora da calidade do movemento e mantemento da saúde: a flexibilidade- a elasticidade, a forza – a potencia e a coordinación.
- A postura corporal correcta e incorrecta. A postura como fonte da saúde ou enfermidade: a repetición xestual e os erros posturais habituais na práctica da danza e na vida cotiá, como orixe de lesións.
- O estudo, o recoñecemento e a prevención das lesións que adoita sufrir un bailarín e bailarina, tipos e causas.
- O quecemento previo: como parte da rutina diaria persoal, o seu papel na mellora do rendemento e na prevención de lesións.



- O estudo e a análise de movementos específicos de danza: o *plié*, o *rélevé*, o *en dehors*, o *cambré*, o *arabesque* e as puntas. Os erros comúns e a forma de corrixilos.

## Avaliación

### Criteria de avaliación

#### 1º Trimestre

- Coñecer os elementos que configuran a nosa anatomía: membro superior e do membro inferior o pé,retropé e nocello.  
*Con este criterio preténdese valorar o coñecemento que posúe o alumnado acerca dos ósos, as articulacións, os tendóns e os músculos das estruturas citadas.*
- Explicar os principios anatómicos, biomecánicos e fisiolóxicos que rexen o movemento do membro superior e do pé, así como a súa utilización na danza.  
*Este criterio permite valorar o coñecemento que posúen os alumnos ou alumnas dos principios da anatomía, a fisioloxía e a biomecánica, así como a súa capacidade de relacionalos dunha maneira práctica coa danza.*
- Saber os graos de mobilidade do ombreiro, cóbado, pulso e man, nocello e pé.  
*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece a función, os seus grados de movemento e a colocación correcta de cada unha das articulacións estudadas.*

#### 2º Trimestre

- Coñecer as capacidades físicas básicas: A forza. A velocidade. A resistencia e a flexibilidade.  
*Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para identificar as capacidades físicas básicas e súa relación co movemento, definición, clasificación e tipos.*

#### 3º Trimestre

- Entender basicamente as lesións que pode sufrir un bailarín ou bailarina na práctica da danza  
*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado pode identificar orixe das lesións que adoita sufrir un bailarín ou unha bailarina, os signos externos e os mecanismos de produción, así como os medios para os previr e as medidas a adoptar, como primeiros auxilios, despois dun accidente, etc.*
- Expor un hábito ou comportamento que mellore o desempeño físico ou deba ser practicado para previr posibles trastornos patolóxicos derivados da práctica profesional da danza.  
*Con este criterio valorarase se o alumno ou a alumna adquiriu o coñecemento dos riscos que leva consigo a práctica profesional da danza e os aspectos que deben ser reforzados na súa práctica; os hábitos da vida, adestramento, prevención, e preparación física necesarios para practicala de forma segura .*

## Mínimos esixibles

Coñecer basicamente as lesións que pode sufrir un bailarín ou bailarina na práctica da danza.

*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado pode identificar as lesións que adoita sufrir un bailarín ou unha bailarina, so signos externos e os mecanismos de produción, así como os medios para os previr e as medidas a adoptar, como primeiros auxilios, despois dun accidente.*

Coñecer as calidades motrices , con aplicación a cada situación: resistencia, forza, forza resistencia, flexibilidade e velocidade.

*Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para aplicar as calidades motrices ás accións de bailar, así como de determinar se actúa a forza, a flexibilidade ou a resistencia nos movementos, ademais do grao de dominio dos métodos que permitan progresar nas calidades.*

Expoñer un hábito ou comportamento que mellore o desempeño físico ou deba ser practicado para previr posibles trastornos patolóxicos derivados da práctica profesional da danza.

*on este criterio valorarase se o alumno ou a alumna adquiriu o coñecemento dos riscos que leva consigo a práctica profesional da danza e os aspectos que deben ser reforzados na súa práctica; os hábitos da vida, adestramento, prevención, e preparación física necesarios para practicala de forma segura .*

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

<b>ALUMNOS CON ASISTENCIA REGULAR</b>		<b>GRAO PROFESIONAL</b>
<b>ACTITUDE</b> <b>OBSERVACIÓN DIARIA</b> tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	- Constancia e esforzo - Grao de participación activa - Respecto na aula (docentes, compañeir@s, instalación) - Autonomía	10,00%
<b>ADQUISICIÓN COÑECEMENTOS</b> <b>TEÓRICO-PRÁCTICOS,</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Proba escrita: 45%</li> <li>· Traballos de clase fichas</li> </ul>	Aprendizaxe dos contidos de formateórica e comprensión e interiorización dos mesmos, (vocabulario técnico e contidos	90,00%



## 4 Interpretación

---

### 5º CURSO

#### Contidos

##### 1º Trimestre

- Adestramento da capacidade de memoria, de observación e de escoita.
- Desenvolvemento e control da enerxía a través de técnicas de relaxación.
- Estudo da linguaxe corporal como vehículo para expresar as emocións.
- Desenvolvemento e a potenciación da imaxinación e a creatividade.
- Desenvolvemento da capacidade de desinhibición.

##### 2º Trimestre

- Estudo de diferentes técnicas teatrais e a súa aplicación na escena: a interpretación xestual, con obxectos e musical.
- A práctica de exercicios e xogos, individuais e grupais, aplicados aos personaxes que se representan.
- A análise física e psicolóxica do personaxe para descubrir as analogías e as diferenzas no/a intérprete e poder abordalo dentro da época e do estilo da obra pero respectando a personalidade do bailarín e bailarina.

##### 3º Trimestre

- A percepción visual.
- O movemento e a expresividade da cabeza.
- A mobilidade e a expresión do rostro. A máscara facial.
- A percepción táctil: o obxecto como desencadenamento da expresión.
- O estudo das técnicas básicas integradas no feito escénico como a maquillaxe, a iluminación, a escenografía, a indumentaria..



## Criterios Avaliación

### **1º Trimestre**

- Elaborar diferentes traballos artísticos dentro dunha obra coreográfica marcados polo profesorado no momento.

*Con este criterio preténdese valorar: a capacidade de resposta interpretativa e o grao técnico acadado; a integración por parte da técnica teatral coa da danza, así como da súa personalidade na proposta; a súa capacidade para memorizar e reproducir, desde a súa personalidade creadora, formas de conduta de diferentes épocas; o emprego da imaxinación, da creatividade e da súa capacidade para evocar sensacións e imaxes; o seu dominio do espazo e do ritmo; o seu emprego da enerxía, da capacidade de autocontrol e o uso correcto das técnicas integradas na escena.*

### **2º Trimestre**

- Realizar os exercicios, as improvisacións e os xogos teatrais, individuais e grupais.

*Este criterio permite valorar a asimilación por parte do alumnado da técnica artística e o seu emprego na escena e personaxe que se vai interpretar.*



### 3º Trimestre

- Efectuar ante o público traballos propostos polo alumnado sobre coreografías concretas que reúnan a técnica da danza e a artística.

*Este criterio pretende valorar: a imaxinación e a creatividade do alumnado; a súa capacidade de organización, de observación e de memoria; a súa capacidade para confrontar a formación da súa disciplina artística con espectadores eventuais, adecuándose eficazmente a esta circunstancia; e a súa capacidade de transmitir ao público.*

- Realizar exercicios teórico – prácticos que inclúan a explicación e coñecemento dos exercicios que compoñen a clase

*Coñecer e identificar a finalidade de cada un dos exercicios que compoñen a clase*

- Asistir a clase con regularidade e puntualidade, así coma uniformado e aseado.

*Comprobar o nivel de disciplina acadado polo alumno.*

- Manter o tesón e o esforzo necesarios para acadar os obxectivos técnicos e artísticos plantexados no curso.

*Comprobar a capacidade do alumno para superar os factores subxectivos e ambientais que poidan influírle no seu rendemento.*

#### Mínimos esixibles

- Realizar exercicios, improvisacións e xogos teatrais, individuais e grupais.

*Este criterio permite valorar a asimilación por parte do alumnado da técnica artística e o seu emprego na escena e personaxe que se vai interpretar.*

- Realizar ante o público traballos propostos polo alumnado sobre coreografías concretas que reúnan a técnica de danza e a artística.

*Este criterio pretende valorar: a imaxinación e creatividade do alumnado; a súa capacidade de organización, observación e memoria; a súa capacidade para confrontar a formación da súa disciplina artística con espectadores eventuais, axeitándose eficazmente a esta circunstancia; e a súa capacidade de transmitir ao público.*



ALUMNOS CON ASISTENCIA REGULAR ÁS CLASES		
ACTITUDE OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	<ul style="list-style-type: none"><li>- Constancia e esforzo</li><li>- Grao de participación activa</li><li>- Respecto na aula (docentes, compañeir@s, instalación)</li><li>- Autonomía</li></ul>	10,00%
ADQUISICIÓN DE COÑE- CEMENTOS TEÓRICO- PRÁCTICOS, a través dunha proba escrita ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórico- práctica e comprensión e interiorización dos mesmos, (vocabulario técnico e contidos teóri- cos)	90,00%  <u>1º e 2º Trimestre</u> 60% teoría, 40% práctica  <u>3º Trimestre</u> 40% teoría 60 % práctica



## 5º curso\_Contidos

### 1º TRIMESTRE

- As necesidades emocionais, mentais e físicas do ser humano.
- A introdución á dietética
- A enerxía e as súas unidades.
- A táboa de composición dos alimentos.
- Os grupos de alimentos

### · 2ºTRIMESTRE

- Os nutrientes, os alimentos, a nutrición en estados especiais.
- Os grupos de alimentos.
- As técnicas de alimentación.
- Os patróns alimentarios na idade escolar.

A adquisición de hábitos alimentarios saudables.

### · 3º TRIMESTRE

- A elaboración dunha dieta nos distintos estadios do bailarín e bailarina.
- As características xerais nos trastornos de conduta alimentaria.
- Os cambios fisiolóxicos e as modificacións alimentarias na adolescencia.
- As necesidades enerxéticas do bailarín e bailarina.
- As medidas do gasto enerxético (mínimo e total).

## Avaliación

### 1ºTRIMESTRE

- Explicar a relación entre nutrición e rendemento físico así como identificar as costumes nutricionais, que conducen á mal nutrición e a súa relación cos estados emocionais, mentais e físicos do individuo.

*Este criterio avalía a comprensión adquirida sobre os nutrientes, a hidratación e a súa distribución nunha dieta san axeitada á intensidade do exercicio físico realizado, así como á atención ó equilibrio entre os estados emocionais, mentais e físicos que eviten as carencias eos excesos que conducen á enfermidade.*





## 2º TRIMESTRE

- Expoñer razoadamente un hábito ou comportamento nutricional que mellore o rendemento físico e/ou evite os posibles trastornos alimentarios.

*Con este criterio preténdese valorar se o alumno ou a alumna adquiriu o risco que leva consigo unha mala práctica nutricional.*

## 3º TRIMESTRE

- Elaborar unha dieta axeitada ós estadios do bailarín e bailarina proposto polo profesor.

*Con este criterio valorarase que o alumno ou a alumna asimilou a importancia que ten levar unha dieta equilibrada respectando e tendo en conta os estados emocionais e mentais do individuo sen esquecer as necesidades nutricionais do bailarín e bailarina, nas distintas etapas. Así como tamén, que coñecen as táboas de composición de alimentos e os seus distintos grupos.*

## Mínimos esixibles

- Coñecer a clasificación, a estrutura e as funcións dos nutrientes no organismo humano así como a importancia de atender ó equilibrio entre os estados emocionais, mentais e físicos do individuo.

*Con este criterio valorase que o alumno coñeza en profundidade os nutrientes e as necesidades enerxéticas do organismo e o seu equilibrio requirido para un estado nutricional óptimo así como a importancia de manter o equilibrio entre os estados emocionais, mentais e físicos.*

- Diferenciar os conceptos de alimentación, nutrición e dietética.

*Con este criterio valorase que o alumno coñeza e distinga as diferentes fases no proceso e deste xeito tome conciencia do que precisa en cada unha das áreas e a interrelación entre elas: a importancia de escoller os alimentos, a nutrición como acto involuntario e a dietética como elaboración dunha dieta consciente e apropiada para cada individuo.*

- Aprender a deseñar unha dieta nos distintos estadios do bailarín e bailarina (clases diarias, ensaios, exames, concursos, actuacións e post-esforzos).

*Con este criterio valorase que o alumno coñeza e recoñeza as necesidades enerxéticas e nutricionais en cada unha das etapas da vida e condicionados pola actividade realizada e as características persoais así como o equilibrio emocional e mental de cada individuo.*

- Indicar os procesos metabólicos.

*Con este criterio valorase que o alumno coñeza os principios metabólicos.*

Recoñecer e sensibilizarse: cos TCAs e TECANES.

*Con este criterio valorase o grao de conciencia que o alumno ten dos trastornos alimentarios, assúas posibles orixes e a prevención ou diferentes vías para solucionarlos ou abordalos.*

ALUMNOS CON AISTENCIA REGULAR ÁS CLASES		PROFESIONAL
ACTITUDE  OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	- Constancia e esforzo  - Grao de participación activa  - Respecto na aula (docentes, compañeir@s, instalación)  - Autonomía	10,00%
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICO - PRÁCTICOS <ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba escrita: 45%</li> <li>• Traballos de clase, fichas e/ou cuestionarios : 45%</li> </ul>	Aprendizaxe dos contidos de forma teórico-práctica e comprensión e interiorización dos mesmos, (vocabulario técnico e contidos teóricos)	90,00%

Así mesmo, na materia de Nutrición, a cualificación final será o resultado da nota media das cualificacións obtidas nos tres trimestres, sempre e cando estean superadas cada unha delas por separa

## 6 Acondicionamento físico\_AFI

### 1º CURSO

#### Mínimos esixibles

1–Realizar exercicios respiratorios e de flexibilidade de pé (pescozo, cabeza, brazos e tronco)  
*Comprobar que os alumnos manteñen aliñado o círculo pélvico.*

2–Realizar sentados exercicios de flexibilidade articular e ligamentosa (pés, pescozo, ombros, brazos e bonecas).  
*Comprobar se o alumno/a identifica as acción motoras.*

3–Executar en prono, supino e de lado, exercicios de elevación de pernas.



*Valorar se a forza eficiente actúa na dirección do movemento.*

4–Executar exercicios de flexibilidade de cadeira en flexión recta, cruzada e aberta.  
*Observar a simetría e a progresión da amplitude da mobilidade.*

5–Realizar repeticións de exercicios abdominais superiores, centrais, transversais e oblicuos.  
*Comprobar o aplanamento da zona lumbar e a cabeza segue a liña natural da columna.*

6–Executar repeticións específicas de elongación pasiva e activa.  
*Comprobar a aliñación.*

## 2º CURSO

### Mínimos esixibles

1–Realizar exercicios respiratorios e de flexibilidade de pé (pescozo, cabeza, brazos e tronco)  
*Comprobar que os alumnos manteñen aliñado o círculo pélvico.*

2–Realizar sentados exercicios de flexibilidade articular e ligamentosa (pés, pescozo, ombros, brazos e bonecas).  
*Comprobar se o alumno/a identifica as acción motoras.*

3–Executar en prono, supino e de lado, exercicios de elevación de pernas.  
*Valorar se a forza eficiente actúa na dirección do movemento.*

4–Executar exercicios de flexibilidade de cadeira en flexión recta, cruzada e aberta.  
*Observar a simetría e a progresión da amplitude da mobilidade.*

5–Realizar repeticións de exercicios abdominais superiores, centrais, transversais e oblicuos.  
*Comprobar o aplanamento da zona lumbar e a cabeza segue a liña natural da columna.*

6–Executar repeticións específicas de elongación pasiva e activa.  
*Comprobar a aliñación.*

## 3º CURSO

### Mínimos esixibles

1– Exercicios de pé, deitados, en prono, supino, de lado, nos planos frontal, transversal e saxital nos eixos de simetría que impliquen as accións motoras e articulares.

*Comprobar o control da aliñación corporal.*

2–Exercicios de potenciación muscular con e sen resistencia propios deste nivel.  
*Comprobar a forza e a resistencia.*

3 –Exercicios nos distintos planos que inclúan alongamentos globais activos.  
*Valorar o control das costas e a ubicación da cadeira.*

4–Series de abdominais e lombares executados de forma global, mantendo posicións e incrementando a resistencia.  
*Comprobarase que o alumno coloca a columna neutra no rodamento cara arriba a resistencia á hora de manter determinadas posicións.*

5–Traballo do equilibrio sobre unha e dúas pernas.  
*Comprobarase o control do eixo de simetría e da aliñación corporal por parte do alumnado nas distintas posicións propostas a pé plano e a relevé.*

6 –Exercicios que inclúan momentos de suxección das pernas en posicións en l'air.



*Comprobar a potencia das pernas para suxeitar ás posicións en l' air.*

7-Exercicios para fortalecer o tronco e o membro superior.

*Comprobar a potencia e a resistencia dos distintos grupos musculares do tren superior.*

## 4º CURSO

### Mínimos esixibles

1-Exercicios de pé, deitados, en prono, supino, de lado, nos planos frontal, transversal e saxital nos eixos de simetría que impliquen as accións motoras e articulares.

*Comprobar o control da aliñación corporal.*

2-Exercicios de potenciación muscular con e sen resistencia propios deste nivel.

*Comprobar a forza e a resistencia.*

3-Exercicios nos distintos planos que inclúan alongamentos globais activos.

*Valorar o control das costas e a ubicación da cadeira.*

4-Series de abdominais e lombares executados de forma global, mantendo posicións e incrementando a resistencia.

*Comprobarase que o alumno coloca a columna neutra no rodamento cara arriba a resistencia á hora de manter determinadas posicións.*

5-Traballo do equilibrio sobre unha e dúas pernas, con e sen accesorios.

*Comprobarase o control do eixo de simetría e da aliñación corporal por parte do alumno nas distintas posicións propostas a pé plano e a relevé.*

6-Exercicios que inclúan momentos de suxeición das pernas en posicións en l' air.

*Comprobar a potencia das pernas para suxeitar ás posicións en l' air.*

7- Exercicios para fortalecer o tronco e o membro superior.

*Comprobar a potencia e a resistencia dos distintos grupos musculares do tren superior.*

## 5º CURSO

### Mínimos esixibles

1-Exercicios de pé, deitados, en prono, supino, de lado, nos planos frontal, transversal e saxital nos eixos de simetría que impliquen as accións motoras e articulares, con e sen accesorios.

*Comprobar o control da aliñación corporal.*

2-Exercicios de potenciación muscular con e sen resistencia propios deste nivel.

*Comprobar a forza e a resistencia.*

3-Exercicios nos distintos planos que inclúan alongamentos globais activos ou pasivos de forma individual, en parella ou empregando accesorios.

*Valorar o control das costas e a ubicación da cadeira.*

4-Series de abdominais e lombares executados de forma global, mantendo posicións e incrementando a resistencia.

*Comprobarase que o alumno coloca a columna neutra no rodamento cara arriba a resistencia á hora de manter determinadas posicións.*

5-Traballo do equilibrio sobre unha e dúas pernas, con e sen accesorios.



*Comprobarase o control do eixo de simetría e da aliñación corporal por parte do/a alumno/a nas distintas posicións propostas a pé plano e a relevé.*

6–Exercicios que inclúan momentos de suxeición das pernas en posicións en l´air.

*Comprobar a potencia das pernas para suxeitar ás posicións en l´air.*

7–Exercicios para fortalecer o tronco e o membro superior con e sen accesorios.

*Comprobar a potencia e a resistencia dos distintos grupos musculares do tren superior.*

8–Exercicios de potenciación e elongamento de diferentes zonas do corpo.

*Comprobarase que o/a alumno/a localiza os exercicios específicos de cada zona corporal.*

9–Exercicios máis significativos das distintas técnicas estudadas.

*Comprobarase que o/a alumno/a asimilou as distintas técnicas estudadas.*

## 6º CURSO

### Mínimos esixibles

1–Exercicios de pé, deitados, en prono, supino, de lado, nos planos frontal, transversal e saxital nos eixos de simetría que impliquen as accións motoras e articulares.

*Comprobar o control da aliñación corporal.*

2–Exercicios de potenciación muscular con e sen resistencia propios deste nivel.

*Comprobar a forza e a resistencia.*

3–Exercicios nos distintos planos que inclúan alongamentos globais activos ou pasivos de forma individual ou en parella.

*Valorar o control das costas e a ubicación da cadeira.*

4–Series de abdominais e lumbares executados de forma global, mantendo posicións e incrementando a resistencia.

*Comprobarase que o/a alumno/a coloca a columna neutra no rodamento cara arriba a resistencia á hora de manter determinadas posicións.*

5–Traballo do equilibrio sobre unha e dúas pernas.

*Comprobarase o control do eixo de simetría e da aliñación corporal por parte do/a alumno/a nas distintas posicións propostas a pé plano e a relevé.*

6–Exercicios que inclúan momentos de suxeición das pernas en posicións en l´air.

*Comprobar a potencia das pernas para suxeitar ás posicións en l´air.*

7–Exercicios para fortalecer o tronco e o membro superior.

*Comprobar a potencia e a resistencia dos distintos grupos musculares do tren superior.*

8–Exercicios de potenciación e elongamento de diferentes zonas do corpo.

*Comprobarase que o alumno localiza os exercicios específicos de cada zona corporal.*

9–Exercicios máis significativos das distintas técnicas estudadas.

*Comprobarase que o/a alumno/a asimilou as distintas técnicas estudadas.*



<b>ALUMNOS CON ASISTENCIA REGULAR</b>		<b>GRAO PROFESIONAL</b>
ACTITUDE  OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	<ul style="list-style-type: none"><li>- Constancia e esforzo</li><li>- Grao de participación activa</li><li>- Respecto na aula (docentes, compañeir@s, instalación)</li><li>- Autonomía</li></ul>	10,00%
ADQUISICIÓN DE  COÑECEMENTOS  TEÓRICO-PRÁCTICOS, a través dunha proba escrita ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórico-práctica e comprensión e interiorización dos mesmos, (vocabulario técnico e contidos teóricos)	90,00%



## 7 Obradoiro de Danza Galega\_ODG

---

### 6º CURSO

#### Contidos

- 1-Repaso e percorrido polas bases da danza galega.
- 2-Investigación das principais Compañías de Danza Galega e os seus recursos estilísticos
- 3-Estudo do movemento do torso da danza contemporánea aplicado aos parámetros da danza galega.
- 4-Análise e fusión dos recursos compositivos espaciais contemporáneos e tradicionais.
  
- 5-Estudo da evolución rítmica e sonora da música e danza tradicional galega cara á contemporánea.
- 6-Memorización e interpretación de secuencias de danza galega fusionada coa danza contemporánea e estilizada.
- 7-Construción de frases de movemento fusionando os estilos aprendidos. 8-Interpretación escénica das coreografías elaboradas no Obradoiro.

### Secuenciación trimestral dos contidos

#### 1º TRIMESTRE

- Repaso e percorrido polas bases da danza galega.
- Estudo do movemento do torso da danza contemporánea aplicado aos parámetros da danza galega.
- Memorización e interpretación de secuencias de danza galega fusionada coa danza contemporánea e estilizada.

#### 2º TRIMESTRE

- Contidos do primeiro trimestre.
- Investigación das principais Compañías de Danza Galega e os seus recursos estilísticos.
- Estudo da evolución rítmica e sonora da música e danza tradicional galega cara á contemporánea.



-Interpretación das coreografías elaboradas no Obradoiro.

### 3º TRIMESTRE

-Contidos do primeiro e segundo trimestre.

-Análise e fusión dos recursos compositivos espaciais contemporáneos e tradicionais

-Construción de frases de movemento fusionando os estilos aprendidos.

-Interpretación escénica das coreografías elaboradas no Obradoiro.

## Avaliación

### Criteria de avaliación en cada trimestre

#### 1º TRIMESTRE

- Executar secuencias coreográficas que fusionen os parámetros da danza contemporánea coas bases tradicionais.

*Con este criterio preténdese observar se o alumnado integra a fusión das linguaxes no material coreográfico aprendido.*

- Improvisar con diferentes propostas musicais galegas tradicionais e contemporáneas.

*Con este criterio de avaliación observarase se o alumnado coñece e comprende os patróns rítmicos e sonoros da música galega no seu percorrido evolutivo.*

#### 2º TRIMESTRE

- Interpretar secuencias de movemento que conteñan as bases estilísticas das principais Compañías de danza galega.

*Con este criterio de avaliación comprobarase se o alumnado coñece, asimila e interpreta os distintos estilos das Compañías de danza galega.*

- Improvisar con diferentes propostas musicais galegas tradicionais e contemporáneas.

*Con este criterio de avaliación observarase se o alumnado coñece e comprende os patróns rítmicos e sonoros da música galega no seu percorrido evolutivo.*

- Interpretar en escena as coreografías elaboradas no Obradoiro.

*Con este criterio de avaliación comprobarase se o alumnado desenvolve as representacións escénicas integrando os recursos aprendidos e con madurez interpretativa.*





### 3º TRIMESTRE

- Crear frases coreográficas integrando os recursos compositivos contemporáneos e tradicionais a nivel textual e espacial .

*Con este criterio observarase se o alumnado ten asimiladas as bases compositivas das dúas especialidades de danza e integrada a súa fusión.*

- Interpretar en escena as coreografías elaboradas no Obradoiro.

*Con este criterio de avaliación comprobarase se o alumnado desenvolve as representacións escénicas integrando os recursos aprendidos e con madurez interpretativa.*



## Mínimos esixibles (6º ODG)

---

1.- Executar secuencias coreográficas que fusionen os parámetros da danza contemporánea coas bases tradicionais.

*Con este criterio preténdese observar se o alumnado integra a fusión das linguaxes no material coreográfico aprendido.*

2.- Interpretar secuencias de movemento que conteñan as bases estilísticas das principais Compañías de danza galega.

*Con este criterio de avaliación comprobarase se o alumnado coñece, asimila e interpreta os distintos estilos das Compañías de danza galega.*

3.- Crear frases coreográficas integrando os recursos compositivos contemporáneos e tradicionais a nivel textual e espacial .

*Con este criterio observarase se o alumnado ten asimiladas as bases compositivas das dúas especialidades de danza e integrada a súa fusión.*



## Criterios de cualificación

A) Alumnado con asistencia regular ás clases

ALUMNOS CON ASISTENCIA REGULAR		GRAO PROFE- SIONAL
ACTITUDE OBSERVA- CIÓN DIARIA tanto na clase coma no re- cinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Constancia e esforzo</li> <li>- Grao de participación activa</li> <li>- Respecto na aula (docentes, compañeir@s, insta- lación)</li> <li>- Autonomía</li> </ul>	10,00%
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓ- RICO-PRÁCTICOS, a través dunha proba escrita ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórico- práctica e comprensión e interiorización dos mesmos, (vocabula- rio técnico e contidos teóricos	90,00% <u>1º e 2º Trimestre</u> 60% teoría, 40% práctica  <u>3º Trimestre</u> 40% teoría 60 % prác- tica

## 8 Procedementos e ferramentas de avaliación

---

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada, segundo as materias do currículo. O proceso de avaliación desenvolverase paralelamente ao proceso de ensinanza - aprendizaxe, tendo en conta as fases seguintes: avaliación inicial, avaliación formativa e avaliación sumativa ou final.

A avaliación inicial permitirannos orientar o proceso que debemos seguir e adecualo aos alumnos que o requiran.

A avaliación formativa reflectirase trimestralmente no boletín de avaliación do alumnado, para que tanto o profesor como os alumnos realicen os axustes necesarios para o logro dos obxectivos propostos.

Os resultados da avaliación final das materias que compoñen o currículo, expresaranse mediante a escala numérica de 1 ao 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

A avaliación continua do alumnado esixe a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para as distintas materias que constitúen o plan de estudos.

Cando as faltas de asistencia imposibiliten a aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación que permiten comprobar o logro das aprendizaxes establecidas para cada período de avaliación (máis do 25% das sesións da materia no período de avaliación), o profesor realizará unha proba previa á sesión de avaliación. Esta proba incluírá os contidos correspondentes ao período de avaliación e permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos en relación aos criterios de avaliación. No caso de materias teórico/prácticas ou prácticas a proba consistirá na realización de exercicios que inclúan os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión.

Os alumnos e alumnas poderán realizar unha proba extraordinaria das materias non superadas. Esta proba será elaborada polos departamentos didácticos, que tamén establecerán os criterios de cualificación.

Os profesores avaliarán aos alumnos, tendo en conta a programación. Os criterios de avaliación establecidos no mesmo e concretados nas programacións didácticas serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas e dos contidos como o da consecución dos obxectivos.

A avaliación, supervisada pola xefatura de estudos, realizarana o conxunto do profesorado do alumno ou da alumna coordinado polo profesor ou profesora que desempeñen a titoría. Este profesorado actuará de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación e na adopción de decisión resultantes do proceso, dando prioridade en todos os casos a unha avaliación colexiada e unificada.

O resultado da avaliación traerá consigo os seguintes documentos: expediente académico persoal, actas de avaliación e informes de avaliación individualizados.

A consignación de posibles validacións ou exencións de materias estará regulada polo que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na normativa.

O alumnado de Grao Elemental promocionará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, nunha materia, agás que esta sexa a de danza clásica. Neste último suposto, cumprirá repetir a totalidade do curso.



A cualificación negativa en dúas ou máis materias dun curso ou de varios impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

O alumnado que ao remate de cuarto curso tivese pendente de avaliación positiva dúas ou máis materias deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza nunha materia, só será necesario realizar a materia pendente.

O límite de permanencia en cada curso de Elemental será de dous anos, sen que o alumnado poida permanecer máis de cinco anos no devandito grao.

O alumnado de Grao Profesional pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias, sempre e cando unha das materias suspensas non sexa a materia troncal da especialidade (*Danza Clásica na Especialidade de Danza Clásica e Técnicas de Danza Contemporánea na Especialidade de Danza Contemporánea*). Nestes casos, se impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

O alumnado que ao remate de sexto curso tivese pendente de avaliación positiva tres materias ou máis, deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza nunha materia ou en dúas, só cumprirá que realice as materias pendentes.

Segundo a normativa vixente, no caso de que un alumno ou alumna promocione ao curso seguinte cunha materia avaliada negativamente, a recuperación da mesma realizarase na clase do curso ao que promocionou. Só, nos casos de Danza de Carácter (1º e 2º curso de Grao Elemental e 2º de Profesional, especialidade Danza Clásica), Danza Galega (3º de Elemental e 1º de Profesional, ambas especialidades) e Introducción á Danza Española e ao Baile Flamenco, (4º de Elemental) o alumno e alumna deberá recuperar a materia na clase específica.

O CDAN Lugo poderá autorizar a asistencia do alumnado cunha materia pendente ás clases das materias xa superadas, segundo as circunstancias.

O límite de permanencia nas ensinanzas profesionais do CDAN será de oito anos. O alumnado non poderá permanecer máis de dous anos no mesmo curso, bardante no sexto.

O alumnado que estea a cursar 6º de grao profesional e/ou 2º BACH poderá solicitar ser avaliado no mes de maio, na data que determine a Consellería de Educación no calendario escolar, para que poida centrarse despois desta data nas probas de acceso á PAU ou ás ensinanzas superiores.

Para avaliar a adquisición de procedementos empregaremos como referentes os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación xerais e concretos de cada unha das materias estudadas ao longo do curso. A avaliación de actitudes e valores comprobarase na actuación global do alumno nos seus tres compoñentes: cognitivo, afectivo e de comportamento.

Así, utilizaremos ferramentas variadas de avaliación:

A) A avaliación da aprendizaxe a través das actividades de ensino:

- Observación do traballo dos alumnos para comprobar o seu progreso.
- Revisión dos traballos dos alumnos durante as actividades diarias.

B) As probas específicas de avaliación:

- Probas obxectivas tipo test, de respostas curtas e/ou comentadas para analizar a capacidade de memorización, de concentración e o grao de comprensión de conceptos.
- Probas de exposición temática para que mostren os seus coñecementos e capacidade de organización e de expresión.
- Entrevistas para explorar os intereses e as dificultades do alumno.
- Autoavaliación e coavaliación.

O departamento deixa determinada nesta programación os procedementos e ferramentas de avaliación e criterios de cualificación. Os criterios de corrección das distintas probas serán comunicados ao alumno polos profesores das distintas materias.

### Homoxeneización e calibración

Non existe ningunha materia impartida por dous docentes.

### Criterios de cualificación

A) Alumnos cunha asistencia regular ás clases

Estes alumnos serán cualificados en función aos seguintes criterios nas **materias teóricas**:

10%\_actitude

90%\_coñecementos

En cada avaliación, a cualificación final se obterá da suma entre os tres apartados anteriormente citados, e no caso de que os alumnos non superen o 50% do total, obterá unha cualificación negativa e por tanto a avaliación se considerará non superada.

A cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria nas materias de danza.

Nas materias especificamente teóricas, a cualificación da avaliación final ordinaria virá determinada pola media (aritmética ou ponderada, segundo corresponda en cada PD) dos tres trimestres.

#### B) Faltas de asistencia e de avaliación

Cando as faltas de asistencia superen o 25% das sesións da materia no período de avaliación, o profesor realizará unha proba previa á sesión de avaliación. Esta proba incluírá os contidos correspondentes ao período de avaliación e permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos en relación aos criterios de avaliación. No caso de materias teórico/prácticas ou prácticas a proba consistirá na realización de exercicios que inclúan os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión.

En caso de non aprobar nin na 1ª nin na 2ª avaliación, realizará, no mes de maio, un exame sobre os contidos correspondente ao curso suspenso. No caso das materias teóricas será un único exame teórico-práctico que suporá o 100% da cualificación.

#### Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor será o responsable de formular a promoción a cursos superiores do seu alumnado, a petición dos profesores que lle dan clase, tras decidir por unanimidade a posibilidade de ampliación de matrícula deste alumno ou alumna.

A proposta de ampliación de matrícula efectuaranse ao longo da 1ª avaliación, facilitando a incorporación do alumno/a a comezos do trimestre seguinte.

O alumno/a ou os seus pais e nais se son menores de idade, terán que solicitar á ampliación de curso á Dirección na administración do centro.

Cada profesor titor comunicará á Xefatura de Estudos a proposta de ampliación de matrícula, cun escrito elaborado polo profesorado do alumno ou alumna, no que se defenda a citada promoción ante o máximo organismo colexiado do Conservatorio, que será levado a unha reunión do Consello Escolar no mes de decembro.

Non se admitirán ampliacións de matrícula que impliquen un cambio de grao.

#### Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

#### A) Recuperación de trimestres suspensos durante o curso

No caso de suspender un ou varios trimestres, o alumno realizará unha proba oral ou escrita sobre os contidos correspondentes antes da avaliación final ordinaria.

#### B) Recuperación de materias non superadas no curso anterior

No suposto de materias teóricas pendentes o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior.

A este alumnado faráselle un seguimento por parte do profesor que lle dea clase no curso actual que propoñerá actividades, traballos e exames que lle permitan aprobar a materia pendente. En caso de non aprobar nin na 1ª nin na 2ª avaliación, realizará, no mes de maio, un exame sobre os contidos correspondente ao curso suspenso.

No caso das materias teóricas será un único exame teórico-práctico que suporá o 100% da cualificación.

Cando as faltas de asistencia imposibiliten a aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación que permiten comprobar o logro das aprendizaxes establecidas para cada período de avaliación (máis do 25% das sesións da materia no período de avaliación), o profesor realizará unha proba previa á sesión de avaliación. Esta proba incluírá os contidos correspondentes ao período de avaliación e permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos en relación aos criterios de avaliación. No caso de materias de danza a proba consistirá nunha clase de danza que inclúa os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión. No caso de materias teórico/prácticas ou prácticas a proba consistirá na realización de exercicios que inclúan os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión.

### Probas extraordinarias

A estes alumnos se lles fará un único exame segundo as indicacións de cada departamento. No caso das materias teóricas será un único exame teórico-práctico que suporá o 100% da cualificación.















XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES









XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES